

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN  
do 26 de Marzo de 2015.**

**ACTA Nº 2 /2015**

Na Casa do Concello de SILLEDA, ás vinte horas do día vinte e seis (26) de Marzo do ano dous mil quince (2015), reúnese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria, logo do atraso do xoves anterior (29 Xaneiro) que correspondía.

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTE:**

D. Manuel Cuiña Fernández (PSdeG-PSOE)

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)

D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> María del Pilar Peón Iglesias (PSdeG-PSOE)

D. Luis Rodríguez Vázquez (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> María Jesús Penela Mato (PP)

D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)

D. José Luis Espiño Espantoso (PP)

D<sup>a</sup> Marta López Arines (PP)

D. Luis Juan Arceo López (PP)

D. Manuel Asorey Suárez (PP)

D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, secretario do concello, que da fe do acto.

**1º.- ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES. ( Do 29-12-2014).**

Se aproba a acta da sesión de 29-12-2014

**2º.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO DO 2014.**

- O Sr. Alcalde explica que logo de solventar o problema da débeda da Fundación acadouse un resultado positivo na liquidación, cun superávit que contrasta co déficit do ano anterior de - 400.000, pasando a este resultado positivo de + 200.000, do que hai que felicitar aos técnicos polo traballo feito, volvo a repítilo. Tamén e froito do bo traballo de contención do gasto feito por tódolos concelleiros. En todo caso, un resultado do que alegrarse tendo en conta os antecedentes que falaban dun concello en grave crise; e todo iso lembrando tamén os fondos que houbo que empregar no pago de moitas setencias xudiciais, todas por débedas atrasadas.

- O voceiro do P.P. lembra que ten coñecemento de facturas que non están pagadas, polo que cre que non están o día as contas. E recorda o que se adeuda a ESPINA. Sinala tamén o caso de Fertraf, asegurando que non é certo que se pague todo.

- O voceiro do BNG lembra que hai unha factura dunha Asociación que coñece o Alcalde e que está sen pagar...Indica que o Alcalde e o PSOE son uns morosos.

- O Sr. Alcalde resposta que quedan aínda débedas en reclamación diante dos Tribunais, a mais salientable o caso de INDEZA –uns 300.000 €- no que o Concello reivindica que existe outra de CAMPOMARZO ao noso favor por cantidade similar. Veremos como queda o asunto xudicialmente. Aquagest é un caso diferente, no que non se recoñeceu esa reclamación e hai uns ingresos por taxas que inciden no asunto. Se estudiará... O que se leva facendo nesta lexislatura é pagar as moitas débedas atrasadas que nos deixaron, moitas. En canto a factura do BNG sempre repite a mesma historia e sempre lle replico o mesmo, que non se aceptou a mesma.

Logo do debate faise constar o resultado da Liquidación, que lee o Alcalde e que se transcribe:

#### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN.**

*Examinada a liquidación do exercicio 2014, e liquidación de exercicios pechados, cos seus documentos xustificativos.*

*Visto que con data 12 de marzo de 2015, foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.*

*Visto que con data 13 de marzo de 2015, emiteuse informe de Intervención de Avaliación do cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.*

*De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sobre materia orzamentaria.*

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a Liquidación do Orzamento Xeral de 2014, cuxas principais magnitudes son as que se detallan a continuación:

- Dereitos recoñecidos netos .....	7.148.820,90.-
- Obrigas recoñecidas netas .....	6.495.026,66.-
- Resultado Orzamentario axustado .....	613.794,24.-
- Remanente de Tesourería total .....	2.515.352,18.-
- Desviación de financiamento positivas .....	40.000,00.-
- Saldos de dubidoso cobro .....	2.276.239,30.-
- Remanente de Tesourería para gastos xerais .....	196.112,88.-

**SEGUNDO:** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, desta resolución dacordo co establecido nos artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

**TERCEIRO:** Ordear a remisión de copia de dita liquidación aos órganos competentes tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Manuel Cuiña Fernández, en Silleda, a 13 de marzo; do que, como Secretario, dou fé.

O ALCALDE  
Asdo. Manuel Cuiña Fernández.

O SECRETARIO  
Asdo. Manuel Quintán Queiruga.

**3º.- PROPOSTA DE CESION DO USO DO CEMITERIO DE S. SALVADOR DE LARO, DE TITULARIDADE MUNICIPAL, A "ASOCIACION DE VECIÑOS DA PARROQUIA DE LARO", QUE XA ESTÁN A ADMINSTRAR E XESTIONAR O MESMO DENDE O ANO 1.932.**

O Sr. Alcalde sinala que esta Asociación, que se crían que eran os propietarios das parcelas, resulta que comprobaron as escrituras e nelas consta que foron donadas ao Concello e non a Parroquia. Se trata de bens municipais polo tanto, aínda que leva anos e anos a Asociación de Veciños xestionando o cemiterio e as parcelas, polo que se trata de cederlles o uso, legalizando o que xa están a facer, tendo en conta que os documentos indican que o Cemiterio é de propiedade municipal.

**PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO.**

**VISTA** a solicitude da Asociación de Veciños da Parroquia de Laro de cesión da xestión e administración do Cemiterio de S. Salvador de Laro, así como a cesión do uso de dúas parcelas lindantes co Cemiterio de Laro,

**TENDO en CONTA** que esta Asociación xa está a xestionar e administrar o uso do Cemiterio dende o ano 1932, crendo, por outra parte, que era propiedade dos veciños da Parroquia, e unha revisión da documentación amosou que é de titularidade municipal e, en canto as parcelas, debido a que son bens de dominio público, non procede realizar unha cesión por non tratarse de bens patrimoniais -segundo informa o Secretario-, polo que se limita a ceder o uso, non a titularidade, coa obriga de que se adicará a instalacións do Cemiterio inexcusablemente.

Polo exposto, PROPOÑO ao Pleno o seguinte :

**PROPOSTA DE ACORDO**

- Cesión da xestión e administración do Cemiterio de S. Salvador de Laro, a Asociación de Veciños da Parroquia de Laro.
- Cesión en precario do uso de dúas parcelas do Cemiterio S. Salvador de Laro, de titularidade municipal, a Asociación de Veciños da Parroquia de Laro coa obriga de que se adicará a instalacións do Cemiterio inexcusablemente.

SILLEDA a 20 de Maio do 2015.

SE aproba a proposta por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

----- ... -----

**4º.- PROPOSTA DO USO DE DUAS PARCELAS LINDANTES CO CEMITERIO DE S. SALVADOR DE LARO, DE TITULARIDADE MUNICIPAL, DE 3.600 E 1.920 M2 A “ASOCIACION DE VECIÑOS DA PARROQUIA DE LARO”, PARA FINS EXCLUSIVOS DE USO PÚBLICO E SOCIAL.**

O Sr. Alcalde sinala que esta Asociación, que se crían que eran os propietarios das parcelas, resulta que comprobaron as escrituras e nelas consta que foron donadas ao Concello e non a Parroquia. Se trata de bens municipais polo tanto, aínda que leva anos e anos a Asociación de Veciños xestionando o cemiterio e as parcelas, polo que se trata de cedelles o uso, legalizando o que xa están a facer, tendo en conta que os documentos indican que o Cemiterio é de propiedade municipal.

**PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO.**

*VISTA a solicitude da Asociación de Veciños da Parroquia de Laro de cesión da xestión e administración do Cemiterio de S. Salvador de Laro, así como a cesión do uso de dúas parcelas lindantes co Cemiterio de Laro,*

*TENDO en CONTA que esta Asociación xa está a xestionar e administrar o uso do Cemiterio dende o ano 1932, crendo, por outra parte, que era propiedade dos veciños da Parroquia, e unha revisión da documentación amosou que é de titularidade municipal e, en canto as parcelas, debido a que son bens de dominio público, non procede realizar unha cesión por non tratarse de bens patrimoniais -segundo informa o Secretario-, polo que se limita a ceder o uso, non a titularidade, coa obriga de que se adicará a instalacións do Cemiterio inexcusablemente.*

*Polo exposto, PROPOÑO ao Pleno o seguinte :*

**PROPOSTA DE ACORDO**

- *Cesión da xestión e administración do Cemiterio de S. Salvador de Laro, a Asociación de Veciños da Parroquia de Laro.*
- *Cesión en precario do uso de dúas parcelas do Cemiterio S. Salvador de Laro, de titularidade municipal, a Asociación de Veciños da Parroquia de Laro coa obriga de que se adicará a instalacións do Cemiterio inexcusablemente.*

SE aproba a proposta por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

## 5.- MOCIONS DOS GRUPOS.

Fai constar o Sr. Alcalde que como hai dúas mocións idénticas do PSOE e BNG se votarán conxuntamente como se acordou na Comisión.

### 5.1.- MATIAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GAIEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN EN APOIO DA CONCESIÓN DE ASILO POLÍTICO AO ACTIVISTA SAHARAUI HASSANAAALIA

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*O pasado 19 de xaneiro fíxose público o auto de resolución da solicitude de asilo político en España do mozo activista saharauí Hassanna Aalia, en que se lle comunica a denegación da protección e ao tempo que se anuncia a súa saída obrigatoria do territorio español. O prazo concedido para abandonar o Estado español é de 15 días, a pesar do castigo que lle espera e o risco real de ser torturado se regresa ao Sahara Occidental baixo ocupación de Marrocos.*

*Hassanna é un mozo saharauí de 26 anos, que naceu no Aaiún e solicitou o asilo político en xaneiro de 2012, tras decatarse que o seu nome figuraba na relación de acusados que ían ser xulgados en Rabat por un Tribunal Militar polos feitos do Gdeim Izik. Hassanna estaba nese momento no Estado español, non por estar perseguido polo seu activismo en favor da causa saharauí, senón para estudar cunha bolsa que lle foi concedida para aprender español. A lei española que regula as condicións para a solicitude de asilo político establece cláusulas e prazos excepcionais cando as circunstancias que xustifican a petición se deben a causa sobrevida no país de orixe, como sucedeu neste caso.*

*Hassanna Aalia figura no Sumario de Instrución do Tribunal Militar Permanente para a Forza Armada do Reino de Marrocos, xunto con outros 24 acusados, todos civís. Foi xulgado en rebeldía e, a teor da súa condena a cadea perpetua nunha sentenza que foi lida perante observadores de Human Rights Watch e Amnistía Internacional, entre outros, existen sobrados motivos para determinar que o retorno de Hassanna ao Sahara Occidental suporía un risco real para a súa integridade física.*

*Mais o Ministerio do Interior denegou a súa petición, a pesar de contar cun contundente informe de ACNUR, que apoiaba a solicitude en virtude das circunstancias excepcionais de Hassanna Aalia, recoñecendo o seu activismo, as detencións que sufriu, os malos tratos, o acoso e a presión á que foi sometido por parte da policía marroquí, e a tortura de que foi obxecto. A primeira vez que foi torturado tivo lugar en outubro de 2005, cando tiña 17 anos, por participar nunha manifestación pacífica á saída da escola. Estivo dous días refido e, segundo declarou Hassanna, "os maltratos comezaron na mesma rúa onde fun arrestado e seguiron dentro do vehículo. Xa en comisaría, espíronme, colgáronme boca abaixo durante varias horas e non me deixaron beber auga".*

*Interior denegoulle a protección internacional porque na sentenza escrita non figura o nome de Hassanna entre os condenados, aínda que os observadores internacionais confirmaron que si foi nomeado na sala cando se leu o veredito a cada un dos acusados. Por esta razón, o Estado español considera que hai un procedemento penal inconcluso*

*e, aínda que non o di expresamente, no fondo está avalando a validez dun xuízo que foi denunciado palas máis importantes organizacións internacionais de defensa dos Dereitos Humanos por non ofrecer ningunha garantía ás persoas procesadas.*

*Por estes motivos, facendo súa a petición da Delegación Saharai na Galiza e de Solidariedade Galega co Pobo Saharai, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de SILLEDA a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

**1. Instar ao Goberno galego para este se dirixir ao Goberno de España e exixir ao Ministerio de Interior que en virtude da lexislación española e do compromiso do noso país co respecto aos Dereitos Humanos conceda o Asilo Político a Hassanna Aalia, activista saharai de Dereitos Humanos e defensor do dereito de autodeterminación do Pobo Saharai recoñecido pola lexislación Internacional, dado que o seu retorno ao Sahara Occidental supón un risco real para a súa integridade física.**

**2. Remitir de forma inmediata esta solicitude ao Ministerio do Interior, instando ao tempo a suspensión inmediata da orde de abandono do Estado español**

*Silleda, 3 de febreiro de 2015*

*Asdo. Matías Rodríguez da Torre*

*SILLEDA a 20 de Maio do 2015.*

SE aproba a moción por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

----- ... -----

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE SILLEDA EN APOIO DA CONCESIÓN DE ASILO POLÍTICO AO ACTIVISTA SAHARAUI HASSANA AALIA**

*De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o grupo municipal do PSdeGPSOE desexa someter á consideración do pleno a seguinte MOCIÓN:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O pasado 19 de xaneiro fíxose público o auto de resolución da solicitude de asilo político en España do mozo activista saharai Hassanna Aalia, no que se lle comunica a denegación da protección e anúnciaselle a saída obrigatoria do territorio español, dándolle un prazo de 15 días para abandonar o Estado español, pese ao castigo que lle espera e o risco real de ser torturado si regresa ao Sahara Occidental baixo ocupación de Marrocos.*

*Hassanna é un mozo saharai de 26 anos nado no Aaiún que solicitou o asilo político en xaneiro de 2012, tras decatarse que o seu nome figuraba na relación de acusados que ían ser xulgados en Rabat por un Tribunal Militar polos feitos do Gdeim Izik. Hassanna estaba nese momento en España, non por estar perseguido polo seu activismo en favor da causa saharai, senón para estudar cunha beca que lle foi concedida para aprender*

español. A lei española que regula as condicións para a solicitude de asilo político establece cláusulas e prazos excepcionais cando as circunstancias que xustifican a petición débense a causa sobrevida no país de orixe, como sucedeu neste caso.

Hassanna Aalia figura no Sumario de Instrución do Tribunal Militar Permanente para a Forza Armada do Reino de Marrocos, xunto con outros 24 acusados, todos civís. Foi xulgado en rebeldía e a tenor da súa condena a cadea perpetua nunha sentenza que foi lida ante observadores de Human Rights Watch e Amnistía Internacional, entre outros, existen sobrados motivos para determinar que o retorno de Hassanna ao Sahara Occidental suporía un risco real para a súa integridade física.

Pero o Ministerio do Interior denegou a súa petición, malia que contaba cun contundente informe de ACNUR, que apoiaba a solicitude en virtude das circunstancias excepcionais de Hassanna Aalia, recoñecendo o seu activismo, as detencións que sufriu, os malos tratos, o acoso e a presión á que foi sometido por parte da policía marroquí, e a tortura da que foi obxecto. A primeira vez que foi torturado tivo lugar en outubro de 2005, cando tiña 17 anos, por participar nunha manifestación pacífica á saída da escola. Estivo dous días retido e, segundo declarou Hassanna, "os maltratos comezaron na mesma rúa onde fun arrestado e seguiron dentro do vehículo. Xa en comisaría, espíronme, colgáronme boca abaixo durante varias horas e non me deixaron beber auga".

Interior denegoulle a protección internacional porque na sentenza escrita non figura o nome de Hassanna entre os condenados, aínda que os observadores internacionais confirmaron que si foi nomeado na sala cando se leu o veredicto a cada un dos acusados. Por esta razón, o Estado Español considera que hai un procedemento penal inconcluso e, aínda que non o di expresamente, no fondo está avalando a validez dun xuízo que foi denunciado polas máis importantes organizacións internacionais de defensa dos Dereitos Humanos por non ofrecer garantía algunha aos procesados.

**Por todo iso, propónse ao Pleno do Concello de Silleda a aprobación do seguinte acordo:**

1. Esixir ao Ministerio de Interior do Goberno de España que en virtude da lexislación española e do compromiso do noso país co respecto aos Dereitos Humanos conceda o Asilo Político a Hassanna Aalia, activista saharauí de Dereitos Humanos e defensor do dereito de autodeterminación do Pobo Saharauí recoñecido pola lexislación Internacional, dado que o seu retorno ao Sahara Occidental supón un risco real para a súa integridade física.

2. Remitir de forma inmediata esta solicitude ao Ministerio do Interior para que a leve a efecto.

En Silleda, a 23 de febreiro de 2015

O voceiro do grupo municipal socialista

Klaus Brey Montaña

SE aproba a moción por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

-----

## **5.2.- MATIAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO. PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN PARA DEMANDAR O INCREMENTO DE PERSOAL DE CORREOS NO CONCELLO DE SILLEDA**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Correos é o provedor público de servizos de comunicación de cartas e de paquetería que presta un servizo postal universal, baixo os supostos de eficiencia, calidade e sustentabilidade. Polo seu carácter público, convértese nun actor fundamental nas relacións da cidadanía coas administracións públicas e coas empresas, tal e como recollen a Lei postal 43/2010, de 30 de decembro (artigo 24) ou a (artigo 21).*

*En numerosos lugares da Galiza veciños e veciñas denuncian os atrasos inxustificábeis na entrega do correo postal que están a deixar en evidencia a nefasta atención do servizo postal, unha situación que se agrava no medio rural do noso país.*

*As demoras superan máis de quince días e afectan de xeito xeneralizado o rural galego, mais resultan moito máis grave nas áreas metropolitanas das cidades, vilas ou concellos máis grandes.*

*As razóns deste atraso está nas condicións extremas en que desenvolven a súa actividade os traballadores e as traballadoras deste servizo. Os cadros de persoal foron reducidos considerabelmente por non cubriren os postas vacantes por xubilacións, baixas por enfermidade, etc. O goberno do Estado español aplica a Galiza ratios de poboación sen ter en conta a dispersión poboacional do medio rural galego, ademais de teren traballadoras e traballadores que facer o servizo utilizando transporte propio e levar unha importante carga de traballo e peso.*

*A pasividade do goberno ao non cubrir as prazas vacantes no servizo de correos, así como por non dotar o cadro de persoal dos medios necesarios para desenvolver adecuadamente o seu traballo, está a provocar unha situación de tensión entre traballadoras e traballadores e unha gravísima deterioración do servizo, como xa se puxo de manifesto nas denuncias feitas por veciños e veciñas afectadas.*

*Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de SILLEDA a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

- 1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a adopción de medidas tendentes a restabelecer a lamentábel situación do servizo postal no noso concello e garantir o reparto na periodicidade adecuada.***
- 2. Así mesmo, demandar a cobertura de vacantes nos cadros de persoal de Correos para resolver os problemas que se producen diariamente no servizo postal do noso concello.***
- 3. Trasladar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado español e aos grupos parlamentares do Parlamento galego.***

*Silleda, 6 de febreiro de 2015*

*Asdo. Matías Rodríguez da Torre*



SE aproba a moción por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

----- ... -----

### 5.3.- MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN PARA DEMANDAR UN PLAN DE EMPREGO FEMININO

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*A situación de desigualdade que viven as mulleres galegas viuse acentuada co aumento da precariedade laboral desde comezos da crise, sen a implantación de políticas efectivas que puidesen frear o crecemento da fenda que sitúa as mulleres á marxe e que lles deixa cada vez máis as portas abertas ao desemprego, ao emprego precario ou á emigración. Diferentes estudos e informes recollen datos sobre o desemprego e as lamentábes condicións dos traballos que desempeñan as mulleres na Galiza a día de hoxe, así como o elevadísimo número, sobre todo de mozas, que se viron obrigadas a abandonaren o noso país na procura dun futuro mellor. Falan os datos de diferentes estudos, entre eles os publicados polo IGE, e reflicten que a situación das mulleres no noso país vén empeorando de forma alarmante nos últimos anos.*

*A pesar de escoitarmos insistentemente o discurso da igualdade conseguida, a realidade reflicte que a fenda salarial continúa ampliándose e as mulleres son as principais afectadas cando nos referimos ás persoas que se atopan en risco ou situación de exclusión social. Asemade, o desigual reparto de responsabilidades á hora de asumir o traballo non remunerado supón que a matemidade sexa un factor de penalización sobre o emprego das mulleres. As chamadas políticas de austeridade frearon a posta en marcha de políticas de igualdade, tanto a nivellexislativo como de realización de programas concretos. Así, algúns instrumentos con medidas antidiscriminatorias, como a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza, está paralizada. Nesta lei manifestábase o compromiso da Xunta de Galiza para integrar a dimensión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, cumprindo co seguimento das políticas e accións sobre as que existen competencias en relación ao acceso ao emprego, desenvolvendo políticas de integración e apostando pola igualdade no ámbito laboral. Algunha das medidas máis necesarias neste momento incluídas nesta lei, como é a posta en marcha de medidas que melloren o emprego feminino, continúa a agardar pola súa implementación.*

*Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de SILLEDA a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*Instar ao goberno da Xunta de Galiza a cumprir, nun prazo máximo de dous meses, coa promesa de aprobar un Plan de Emprego Feminino, co orza mento necesario para se desenvolver ao longo dos próximos catro anos. Este plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está subrepresentada, reducir o alto grao de precariedade das traballadoras na Galiza, atallar as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos produtivos -labregas, mariscadoras, redelras.,» atendendo especifica mente a problemática das mozas galegas para accederen ao emprego.*

*Silleda, 28 de febreiro de 2015. Asdo. Matías Rodríguez da Torre*

Se aproba a moción por 7 votos a favor so PSOE (6) e BNG (1) e 6 abstencións do PP.

----- ... -----

## **7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Dáse conta

----- ... -----

## **8 .- PETICION DO PRESIDENTE DA ASOCIACION VECIÑAL DE CORTEGADA INTERESANDO SE REANUDEN AS OBRAS DE “Rehabilitación superficial do vial e creación de senda peonil no lugar de Sta. Mª de Cortegada”.**

Explica o Sr. Alcalde con carácter previo que esta petición se trae a Pleno de acordo co Regulamento de Participación Cidadá que así o prevé. Así se puxo de manifesto na Comisión Informativa, aos factos de consideralo de urxencia, sen que ningún grupo Fixera obxección algunha.

Xa entrando no fondo do asunto lembra que neste Concello, a día de hoxe, todas as licencias de obras se conceden segundo o PXOM de 1981 que é o que está en vigor e, nese senso, o Castro de Coretgada non está incluído no PXOM vixente, polo que non está protexido e por tanto non hai problema algún para facer unha obra, que se trata dunha estrada que favorece aos veciños, que a veñen reclamando desde fai tempo. Esta é a cuestión que nos trae neste punto e por elo estamos de acordo coa continuación das obras que piden os veciños, logo de lembrar os escritos pedindo a nulidade que se enviaron a Patrimonio e que nin se dignaron respostar.

Se transcribe a 1ª petición de nulidade remitida a Patrimonio:

(...)

**AO SR. CONSELLEIRO DE CULTURA**

**A XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA**

*Recurso: Nulidade de Pleno Dereito  
Expediente VI-PO-010.15. Xefatura P. Consellería de Cultura  
Notificado 18 de Febreiro de 2015.  
Suspensión obra municipal.*

**2º Requirimento.**

**Escrito formulando nulidade de pleno dereito.**

**MANUEL CUIÑA FERNANDEZ**, Alcalde-Presidente do Concello de SILLEDA, en nome e representación de este, logo da orde de paralización cautelar da Xefatura T. da C. de Cultura, de data 18 de Febreiro de 2015, sobre unha obra municipal na estrada de acceso ao lugar de Cortegada, formulouse nulidade de pleno dereito e paralelo levantamento da suspensión en data 24 de Febreiro diante da Xefatura, Dir. Xeral Patrimonio e Conselleiro de Cultura –rexistros 257, 258 e 260-, en base aos argumentos que constan na mesma e que se transcribe:

### FEITOS / ALEGACIONES CONTRA A SUSPENSIÓN

**1.- Actuación da Xefatura.** En data 18 de Febreiro a Xefatura Territorial da C. Cultura, en base a un informe técnico asinado por Xose Ignacio Vilaseco Vazquez, ordea a paralización das obras municipais de acceso ao lugar de Cortegada, desde a estrada Laro-Silleda, facendo referencia a unha chamada telefónica anónima, e considerando que tal vial "...atravesa o xacemento do Castro de Cortegada...", razón pola cal debían ser autorizadas pola Xefatura. Ao mesmo tempo se suceden durante os días 14,15 e 16 de Febreiro continuadas informacións periodísticas sobre tal caso, baseándose no testimonio dunha persoa concreta que denuncia tales obras. Igualmente durante os días 16 a 20 de Febreiro, sucesivamente, membros dos Corpos de Seguridade se persoan no Concello para efectuar dilixencias sobre o caso, por orde da Xefatura.

**2.- Detalle das obras sobre estrada xa existente.** As obras consisten na "Rehabilitación superficial do vial e creación de senda peonil no lugar de Sta. M<sup>a</sup> de Cortegada", subvencionada pola Deputación de Pontevedra, e teñen coma finalidade a mellora da superficie asfáltica do estrada xa existente, e a creación dunha senda peonil paralela para acceder a Igrexa. O único traballo que ten incidencia sobre os terreos é a apertura dunha "caixa" de 2 mt. Para a citada senda, co correspondente movemento de terras pola zona exterior, así como unha explanada de 5 mt de radio para que os autobuses poidan dar a volta. Estas obras foron reivindicadas polo veciños de lugar, en especial para facilitar o acceso a Igrexa. Supoñen, se reitera, una sinxela mellora da capa de asfalto moi deteriorada, e a apertura desa senda polo lado oposto o xacemento do castro, un elemento de seguridade vial por outra banda, xa que, dado o estreito da calzada, os veciños poderán pasear sen perigo pola mesma.

**3.- Realidade física.** O Castro de Cortegada se trata dun xacemento localizado polos técnicos no lugar, do que existe unha ficha e un levantamento topográfico que o sitúan, atopándose a estrada preexistente no perímetro externo, ademais, e alonxada do centro do mesmo, sen que haxa na actualidade ningunha estrutura física visible, nin un sola pedra, xa que todo está cuberto pola vexetación, sendo así que o Castro é unha realidade documental, pero non física, recollida no inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta –un rexistro de traballo-, pero sen protección algunha por non estar incluído no Inventario do Patrimonio Cultural de Galicia, nin no PXOM de Silleda, nin en calquera outra figura de protección, como se desprende da propia resolución da Consellería.

**4.- PXOM de Silleda vixente do ano 1981.** O PXOM, onde se prevé a aludida protección, hoxe é un sinxelo proxecto, en fase de aprobación inicial, polo que a normativa urbanística aplicable, sen dúbida algunha, é a do anterior Plan Xeral, o cal non contempla norma algunha de protección dese Castro, tanto é así que nin sequera figura recoñecida a súa existencia, a cal non se documentou ata anos mais tarde.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**I.- Erro grave.** A Xefatura Territorial da C. Cultura incorre nun erro grave cando afirma, textualmente, que o Castro de Cortegada:

“...pode ter a consideración de ben incluído no Patrimonio cultural de Galicia”,

debido a que:

“... atópase incluído no PXOM de Silleda que o pleno aprobou inicialmente o 18-12-2012”.

A mesma Consellería non afirma, senón que especula que “pode”. Do que se desprende, do seu propio texto, 2 feitos básicos/trascendentes:

1.- Que non está incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

2.- Que podería ser incluído no mesmo, dado que o PXOM de Silleda así o contempla coma zona protexida, pero cando sexa aprobado definitivamente, engadimos a tal consideración.

Non está protexido, en primeiro lugar, e se especula (non se afirma, claro) con que podería estalo por mor da vontade do Concello de Silleda expresada a traveso da inclusión nun futuro PXOM, en fase de aprobación inicial a día de hoxe.

**II.- Nulidade de pleno dereito.** E ese “poder” segundo informa o Secretario Municipal parte dun erro grave xa que:

“... a aprobación inicial do PXOM o 18-12-2012 é un sinxelo acto de trámite, que non ten eficacia xurídica algunha –excepto a de tramitación do expediente-, sen que algunha das normas previstas nese proxecto de PXOM – incluído a hipotética protección do citado Castro- poda aplicarse ata que exista a aprobación definitiva do PXOM e a súa publicación no DOGA, momento concreto no que entrará en vigor, e nunca antes. E, por outra banda, o prazo máximo de suspensión de licenzas previsto na LOUGA xa rematou polo transcurso de 2 anos sen que se aprobara definitivamente o PXOM, un documento en fase de simple proxecto sen eficacia xurídica algunha nestes intres en Silleda, sendo a normativa urbanística aplicable a do anterior Plan Xeral. Asinado O Secretario”.

Cando unha resolución de paralización se basea nunha aprobación inicial do PXOM que os xuristas consultados –non só o Secretario- sosteñen que é dunha evidencia irrefutable legalmente que en Silleda non existe o PXOM (aprobado só inicialmente) ata que se aprobe definitivamente pola XUNTA e se publique no DOGA, estamos, como mínimo, diante dunha extralimitación e dunha presunta ilegalidade dos seus autores, que deberán responder da mesma, de confirmarse.

O PXOM actualmente en vigor o de 1981, non recolle medida algunha de protección do lugar, e nin sequera aparece recoñecido como tal castro na documentación do PXOM, nin en calquera modificación posterior.

**III.- Estrada preexistente. Un castro sen presenza física algunha.** En canto o fondo, se trata dunha estrada xa existente, da que se fai unha ampliación, que non afecta directamente, nin moito menos ao Castro, unha obra en exclusivo beneficio, sobre todo, dos veciños do lugar, que a levan reclamando e que, de ningunha maneira, menoscaba o patrimonio arqueolóxico, disquisicións xurídicas aparte, xa que, incluso na área delimitada de protección previsto no PXOM, a estrada se atopa practicamente no límite externo do seu perímetro –e reiterando a inexistencia xurídica de tal protección- sen que afecte en modo algún a un castro que nin sequera ten estrutura física visible, nade pode ver unha soa pedra do mesmo, xa que esta enterrado e existe exclusivamente coma localización técnica. A estrada non cruza o Castro, nin moito menos, como se informa equivocadamente nos medios informativos.

Polo exposto, formulo o seguinte:



## REQUERIMENTO

**1.- Nulidade radical.** Diante dun acto nulo de pleno dereito por basearse nunha norma xurídica inexistente –un PXOM en fase de aprobación inicial–, a Xefatura de Cultura deberá proceder ao levantamento inmediato da orde de paralización das obras en aplicación do art. 62, b,c,e,g da Lei 30/1992 e normativa urbanística concordante (LOUGA, PXOM Silleda e Lei Patrimonio Cultural da Xunta), coas advertencias legais de rigor.

En Silleda a 23 de Febreiro de 2015. Letrado.- Manuel Quintans Queiruga  
O ALCALDE. Manuel Cuiña Fernandez

**1. Solicitude veciñal.** Estas obras foron reivindicadas polo veciños de lugar, en especial para facilitar o acceso a Igrexa. Supoñen, se reitera, una sinxela mellora da capa de asfalto moi deteriorada, e a apertura desa senda polo lado oposto o xacemento do castro, un elemento de seguridade vial por outra banda, xa que, dado o estreito da calzada, os veciños poderán pasear sen perigo pola mesma. Tal demanda foi asumida polo goberno municipal.

**2.- Os veciños do lugar reclaman o remate das obras. 157 veciños** de Cortegada, aproximadamente o 85 % dos maiores de idade da Parroquia, un dato por si mesmo contundente, reclaman a continuación e remate das obras. Procede deixar claro que, ao marxe do plano estritamente xurídico, este goberno e a veciñanza non pretenden perturbar, nin sequera menoscabar o noso patrimonio, nin moito menos, xa que consideramos que se trata dun ben da comunidade/sociedade que merece tal protección, dito en xeral; pero, no caso concreto, no que non existe estrutura física, tan só uns terrapléns, e no que nunca a Consellería de Cultura fixo actuación algunha, moito menos de protección legal, cando se trata duns traballos sobre unha estrada xa existente, da que se mellora a capa de rodadura, e a única obra “ex novo” consiste na abertura parcial – e polo lado exterior, polo extremo oposto o xacemento, a mais abundamento- dunha “caixa” cun ancho de 2 mt. a continuación da arista exterior da estrada para adecuar un paso de petóns, un sinxelo paseo peonil, temos que concluír que non merece tan inusitada e desproporcionada actuación da Xefatura da C. de Cultura. Non se afecta a estrutura do xacemento, non se apertura un novo vial, xa existía – e sen problema algún-, tan só se fai un camiño para pasear de 2 mt. de ancho (e para disfrutar dunha fermosa panorámica, dito sexa de paso). Iso é todo. Que non é un atentado o patrimonio resulta dunha meridiana evidencia. En absoluto.

**3.- 2º Requirimento e invitación aos Tribunais.** Logo da petición de nulidade de pleno dereito e levantamento inmediato da paralización, e transcorrido un mes sen resposta, procede elevar a Xefatura/Dir. Xeral Patrimonio este segundo Requirimento:

**Nulidade radical.** Diante dun acto nulo de pleno dereito por basearse nunha norma xurídica inexistente –un PXOM en fase de aprobación inicial–, a Xefatura de Cultura deberá proceder ao levantamento inmediato da orde de paralización das obras en aplicación do art. 62, b,c,e,g da Lei 30/1992 e normativa urbanística concordante (LOUGA, PXOM Silleda e Lei Patrimonio Cultural da Xunta).

- *Unha vez transcorrido o tempo prudencial de UN MES sen resposta, se eleva este segundo Requirimento, coa advertencia de que o Concello procederá a continuación das obras en caso negativo, invitando expresamente a Consellería a que recorra diante dos Tribunais, aos efectos de ditaminar a ilegalidade que sostén o Concello na aludida actuación, sen prexuízo das accións que nos correspondan.*

*En Silleda a 17 de Marzo de 2015. O ALCALDE. Manuel Cuiña Fernandez*

**INCISO:** Diante dunhas expresións verquidas por unha Sra. Asistente ao Pleno, o Sr. Alcalde fai a observación e que o público deberá estar en silencio, e que non permitirá interrepcións. Seguidamente fai unha 1ª advertencia ao voceiro do BNG por unhas expresións idrixidas ao Alcalde.

**Voceiro PP:** aquí vostede está enganando os veciños... porque a verdade é que actuou incorrectamente, fixoo mal e agora quere que os veciños o apoiem, pero non é así Sr. Alcalde, a culpa a súa, en exclusiva. Mire, non se trata de facer unha estrada, si en iso estamos de acordo, e non na estrada actual de 4 mt e 1 mt de senda, non, unha mais grande, unha autopista si fau falta polo outro lado do castro, pero o caso é que vostede desobedeceu unha orde de Patrimonio e agora quere arranxalo. Non, vostede é o culpable e non veña agora con estas historias. O único que meteu a pata foi o Alcalde.

**INCISO:** Volve a pregar o Sr. Alcalde que se garde a compostura diante dos murmullos e voces de algún veciño.

**Voceiro BNG:** eiqui do que se trata é de cumprir coa lei, gustaríame saber desde cando ten o Proxecto para poder tramitar o permiso. E non veña agora escudándose detras dos veciños despois de cometer unha ilegalidade, porque vostede o que nos pide é que este Pleno cometa prevaricación si hoxe se vota isto.

*...Murmillos e voces.*

Vos está manipulando (dirixíndose ós veciños), non vos deixedes enganar.

**Alcalde:** dirixase a Presidencia. Interrompe o voceiro do BNG. O Sr. Alcalde lle advirte de novo...

**Voceiro BNG:** Vostede interpreta que co Regulamento poden presentar isto os veciños, epro é unha ilegalidade manifesta e nos non somos quen de seguir a obra cando está paralizada por outra Administración, que é superior. ¿Como imos cometer prevaricación? Se pregunta. Iso o que nos pide...

**INCISO:** volven a producirse exclamacións de aprte do público.

**Voceiro PP:** vostede desobedeceu a Patrimonio, e ten que cumprir coa legalidade, non se pode saltar a lei.

**Sr. Alcalde:** en primeiro lugar si me condenan por prevaricación, si teño que ir a cadea, a moita honra, non será por facer cousas raras, será por defender aos meus veciños, nun caso de xustiza, pois encantado. ¡Que me condenen por defender os intereses dos veciños! Que agora me diga o voceiro do PP que tiña que ser mais grande a estrada a ao mesmo tempo me pon a caer dun burro, e que non se entende.



Por un lado: estupendo e por outro: caña. Non é serio. Eiquí fíxose un Proxecto no que non consta que houbera protección. Dínnos os técnicos. E si non consta no Proxecto pois non temos que pedir permiso. E fomos nos precisamente os que incluímos esa protección no novo PXOM, mentres a Consellería non fixo nada en todo este tempo. Nada.

**Inciso:** Murmullos e novo aviso ao Sr. Concelleiro do BNG.

Foi este goberno o que se preocupou de protexer o Castro, non a inversa. E non está catalogado, consta soamente nun arquivo, nun Listado, pero non tén protección. E si a tivera xa o dirían cando pararon a obra, e non dín nada, xa que se remiten a aprobación inicial do PXOM e iso non ten valor legal algun. Parece moi evidente... Voulle a ceder a palabra o Secretario para que explique mellor este extremo.

**Sr. Secretario:** sen ánimo de que sexa unha tese indiscutible, xa que neste asunto – a interpretación das leis- non existe a infalibilidade, a miña opinión, eso si sincera, sen condicionamento algún, e de acordo cos meus coñecementos e experiencia profesional é a que segue:

- A orde de oparalización, se basea expresa e literalmente en que *“...pode ter a consideración de ben incluído no Patrimonio cultural de Galicia”*, debido a que: *“... atópase incluído no PXOM de Silleda que o pleno aprobou inicialmente o 18-12-2012”*. A mesma Consellería non afirma, senón que especula que *“pode”*. Do que se desprende, do seu propio texto, 2 feitos básicos/trascendentes:

- 1.- Que non está incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.
- 2.- Que podería ser incluído no mesmo, dado que o PXOM de Silleda así o contempla coma zona protexida, pero cando sexa aprobado definitivamente, esta é a cuestión que hai que resalatar.

E ese “poder” parte dun erro grave xa que: aprobación inicial do PXOM o 18-12-2012 é un sinxelo acto de trámite, que non ten eficacia xurídica algunha –excepto a de tramitación do expediente-, sen que algunha das normas previstas nese proxecto de PXOM – incluído a hipotética protección do citado Castro- poda aplicarse ata que exista a aprobación definitiva do PXOM e a súa publicación no DOGA, momento concreto no que entrará en vigor, e nunca antes. O PXOM é un documento en fase de simple proxecto sen eficacia xurídica algunha nestes intres en Silleda, sendo a normativa urbanística aplicable a do anterior Plan Xeral, no cal, se reitera con énfase, non existe protección algunha.

**Voceiro PP:** bueno, iso é opinable. É unha opinión. Por certo podía aclararme porque asina o recurso como Letrado, ¿por algunha razón en concreto?

**Sr. Secretario:** non, por nada en especial, porque era un texto de contido moi xurídico, unha petición de nulidade de pleno dereito e pareceume máis axeitado asinalo así, como Letrado, como se fai nas actuacións xurisdiccionais... Enfn, unha cuestión de estética procesal, lle chamaría.

**SR. Alcalde:** volvo a insistir que estamos a defender a uns veciños que piden que se rematen as obras, e que non fan ningún dano ó Castro, xa que a estrada existía antes...

**INCISO. Expulsión.** Mentres intervía o SR. Alcalde se suceden observacións polo voceiro do BNG. O Sr. Alcalde lle advirte que non interrompa, que terá que expulsalo e, finalmente, ordea que abandone a Sala, sostendo que leva xa tres advertencias. O voceiro do BNG recolle as súas pertenzas mentres unha veciña se encara con él facéndolle acusacións varias. O voceiro sinala *“que conste que me expulsa, non abandono a sesión, senón que me bota fora dela”*, en medio dun aplauso e voces de varios veciños presentes na Sala.

## VOTACION

Sometida a proposta veciñal a votación se acada o resultado seguinte:

- 6 votos a favor do PSOE
- 6 votos en contra do PP

Diante do empate o Sr. Alcalde comenta que se repite a votación e si se mantén quedará aprobado co voto de calidade presidencial.

2ª votación

- 6 votos a favor do PSOE
- 6 votos en contra do PP

Co voto de calidade da Alcaldía queda aprobada a proposta veciñal que segue:

**- SE APROBA A REANUDACION DAS OBRAS de “Rehabilitación superficial do vial e creación de senda peonil no lugar de Sta. Mª de Cortegada”.**

Seguidamente o Sr. Alcalde indica que da por rematada a sesión.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 21-25 horas do 26 de Marzo de 2015, do que, eu, o Secretario, dou fe.

Silleda a 27 de Marzo de 2015.



SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga